



Foto de familia dos asistentes ao IV Encontro de Novos Escritores da AELG.

PACO VILABARROS

# Buscando unha xeración común para as novas letras

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) xuntou no castelo de Santa Cruz (Oleiros) o 20 e 21 de novembro novos autores para que debatesen sobre diversos temas. A pertenza a unha xeración concreta e os temas escollidos centraron parte do encontro

#### César Lorenzo Gil

O nome do IV Encontro de novos escritores era elocuente: 'Eu ou nós?', unha pregunta ao redor da eterna cuestión sobre se o autor literario olla, mentres escribe, para os outros que escriben ao mesmo tempo ca el.

Este tema foi o centro da primeira mesa de coloquio, composta por Inma López Silva, Iolanda Zúñiga e Alberte Lema. Silva recoñeceuse debedora de moitos autores actuais pero non necesariamente próximos culturalmente. Ademais, defendeu a pervivencia na súa escrita de estilos e xeitos de xeracións anteriores. Para a narradora, hoxe en día a literatura galega vive un momento sen demasiados elos comúns entre os creadores. "O que nos une é que hai moita xente destacando en xéneros moi distintos, con gran diversidade de ideas."

Zúñiga foi máis alá. Segundo o seu criterio, a literatura bebe nas fontes da contemporaneidade e recibe influencias tanto das propias letras como doutras canles, especialmente da televisión. "Ténolle certa

#### Séchu Sende:

"O futuro do galego depende dos neofalantes"

teima aos clásicos, supón que por culpa das lecturas obligadas no instituto".

Lema si reconoce un fino fío entre os poetas da xeración dos 90 e a actualidade e encontrou puntos en común que dan para concluir que si hai influencias mutuas.

A segunda mesa uniu poetas novísimos: Gonzalo Hermo, Andrea Núñez Briones e Alicia Fernández analizaron o momento actual da poesía.

Hermo considerou lóxico que si haxa unha xeración social entre os rapaces que comezana a escribir nesta altura. "Compartimos vivencias e experiencias colectivas, nada máis."

Núñez Briones foi cautelosa. "Precísase distancia para catalogar unha xeración".

Fernández pescudou sobre as pegadas de colectivismo na

poesía actual: premios aos que presentarse, revistas, asociacións. Na súa idea, perdeuse o impulso da década do 1990 pero tamén é falso que agora se impóna unicamente o individualismo.

Na segunda xornada, Uqui Permui, Baldo Ramos e Carlos Vinagre explicaron diferentes técnicas e modelos para a autoedición de libros. Os relatores coincidiron na importancia da creatividade e da excelente saúde da relación entre edición e arte.

Na mesa final participaron Séchu Sende, María Lado e Estíbaliz Espinosa para falaren sobre o compromiso na literatura actual.

Espinosa dixo desconfiar do compromiso obvio. "A literatura non pode conformarse co panfleto. A mensaxe non pode ser unicamente moralizante."

Lado preferiu centrarse na aposta vital e literaria que supón a escolla do galego como vehículo de expresión. "Unha se compromete cando decide escribir nesta lingua."

Sende coincidiu con Lado e explicou como aporta o escritor ten que levar o seu compromiso con Galiza e o galego máis alá dos textos. "Fainos falta imaxinación para nos achegar aos máis novos e poñerles fácil pasárense ao galego. O futuro da lingua depende dos neofalantes." ■